

## CP-08

### COMUNICACIÓN PREVIA DE ESTADAS, PLATAFORMAS ELEVADORAS E VALOS DE OBRA

DATOS DO/A SOLICITANTE	DATOS DO SOLICITANTE		DNI/CIF
	DATOS DO SEU REPRESENTANTE		DNI/CIF
	Enderezo para efectos de notificación		Concello
	Código Postal	Teléfono 1	Teléfono 2

DATOS DA OBRA	PARA REALIZAR AS OBRAS CONSISTENTES EN: .....  Expediente nº.....
	COMUNICO AO CONCELLO DE FERROL:  <input type="checkbox"/> A INSTALACIÓN DE ESTADAS <input type="checkbox"/> A INSTALACIÓN DE PLATAFORMA ELEVADORA <input type="checkbox"/> A INSTALACIÓN DE VALO/S DE OBRA
	Localización da obra.....Nº.....CP.....  Superficie de ocupación.....  Tempo que vai permanecer instalada.....
	DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE, que é certo o que manifesto e que achego toda a documentación preceptiva que acredita: <ul style="list-style-type: none"> <li>- Que se permitirá o paso de vehículos e peóns segundo as indicacións da Policía Local.</li> <li>- Que as estadas ou valos de obra disporán dunha guía ou elemento horizontal interior que poida ser detectado por persoas con discapacidade visual e un pasamáns continuo instalado a 0,90m.</li> <li>- Que na instalación das estadas se garantirá un paso seguro para os peóns, segundo a documentación gráfica anexa.</li> <li>- Que cando un itinerario peonil discorra baixo unha estada, será sinalizado mediante balizas lumínicas, garantindo a iluminación en todo o percorrido do itinerario peonil da zona de obras.</li> <li>- Que as estadas deberán contar coas medidas necesarias para evitar que os materiais e ferramentas de traballo poidan caer á rúa, onde se colocarán os sinais de precaución que en cada caso sexan convenientes.</li> <li>- Que os pes das estadas revestiranse de materiais flexibles e de cores estridentes para evitar roces e danos .</li> <li>- Que se evitarán elementos que sobresaian das estruturas, ou de non ser posible, se protexerán con materiais seguros e de cor contrastada dende o solo ata unha altura de 2,20m.</li> </ul>
	E COMUNICO que procederei á instalación a partir do día..... (A comunicación deberá realizarse cunha antelación mínima de quince (días) días).

AUTORIZO aos efectos da normativa de protección de datos de carácter persoal, a esta Administración á comprobación telemática con outras Administracións Públicas de datos declarados e demais circunstancias relativas ao exercicio da obra a executar.

ADVIRTESELE QUE consonte co disposto no apartado 4º do artigo 71.bis da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común a *inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achegue ou incorpore a unha declaración responsable ou a unha comunicación previa, ou a non presentación perante a Administración competente da declaración responsable ou da comunicación previa, determinará a imposibilidade de continuar co exercicio do dereito ou da actividade afectada dende o momento en que se teña constancia de tales feitos, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas a que houbese lugar.*

Así mesmo, a resolución da Administración Pública que declare tales circunstancias poderá determinar a obriga do interesado de restituir a situación xurídica ao momento previo ao recoñecemento ao exercicio do dereito ou ao inicio da actividade correspondente, así como a imposibilidade de instar un novo procedemento co mesmo obxecto durante un período de tempo determinado, todo isto, consonte aos termos establecidos nas normas sectoriais de aplicación

Consonte coa Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os seus datos serán tratados de xeito confidencial e poderán ser incorporados aos correspondentes ficheiros do Concello de Ferrol. En calquera momento poderá exercer os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición comunicándoo por escrito e presentándoo perante o Rexistro do Concello.

DOCUMENTACIÓN  
A PRESENTAR

- Impreso CP-04** de comunicación previa de cambio de titularidade das licenzas de obras.
- Datos identificativos do solicitante:**
  - Persoas físicas: DNI (ou documento que faga as súas veces). Os que comparezan ou asinen en representación doutro, acompañarán ademais un documento que acredite debidamente devandita representación (autorización expresa, poder notarial ou declaración responsable).
  - Persoas xurídicas: DNI do representante e documentación acreditativa da representación e Escritura ou documento de constitución e/ou Estatutos ou o acto fundacional, nos que consten as normas polas que se regula a súa actividade, debidamente inscritos, no seu caso, no Rexistro público que corresponda.
- Carta de pagamento da autoliquidación provisional:** serán confeccionadas no momento de presentación da comunicación previa polo Rexistro de Urbanismo (Edificio de Urbanismo, 3º andar).
- Esbozo en planta da situación do valo de obra na rúa, que garanta o paso protexido para peóns de 0,90 m** (só para valos de obra).
- Estadas a partir de dous metros:** nomeamento de dirección facultativa competente ou ben, no caso de non ser preciso a elaboración dun plan de montaxe, utilización e desmontaxe, a designación de montador técnico que posúa, como mínimo, dous anos de experiencia profesional e o título básico de prevención de riscos laborais (achegando, no seu caso, a documentación requirida no RD 2177/2004, do 12 de novembro, que modifica o RD 1215/1997, do 18 de xuño).
- Declaración responsable** (ou certificado colexial) do técnico competente designado, de ser o caso, no que figuren os seus datos persoais e profesionais de xeito que permita a súa identificación e na que se acredite que non está inhabilitado ou incurso en causa de incompatibilidade.


DATA E SINATURA

Ferrol, .....de.....de 20.....



Sinatura do solicitante

Nome .....DNI.....


**SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO EXCMO. CONCELLO DE FERROL**



Paso protexido con valo na beirarrúa.  
 ( Deberá colocarse unha protección superior no paso de peóns  
 no caso de perigo de caída de obxectos).



Paso protexido paralelo á estada.



Paso protexido baixo a estada